

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 26 DE SETEMBRO DE 2013.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D^a. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D^a. Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:

D^a. Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:00 horas do día vinte e seis de setembro de 2013, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 29/08/2013, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 29/08/2013.

2.- ESCRITOS CHEGADOS O CONCELLO

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA SOBRE ABOAMENTO SUBVENCIÓN POLITICAS DE IGUALDADE ANO 2013

Pola secretaria dáse conta da resolución enviada pola Deputación Provincia da Coruña, Sección de Servizos Sociais, rexistro de entrada 1681 en data 30/08/2013, no que se comunica a este Concello o aboamento como anticipo prepagable da subvención para desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2013 como obxecto da subvención “III Plan Municipal de igualdade de oportunidades do Concello de Boimorto 2013-2016”:

Importe da subvención: 1.814,40€

Importe a aboar: 907,20€

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.2.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO SOBRE SUBVENCIÓN A ENTIDADES E CONCELLOS DE ACCIÓN VOLUNTARIA

Pola secretaria dáse conta da resolución enviada pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, rexistro de entrada 1730 en data 05/09/2013, no que se comunica a este Concello a resolución da subvención dirixida a entidades de acción voluntaria e a concellos e mancomunidades de municipais enmarcadas no programa de Servizo de Voluntariado Xuvenil, concedendo a este Concello a cantidade de 4.800,00€

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.3.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO SOBRE RECOÑECIMENTO E INSCRIPCIÓN DA OFICINA E PUNTO DE INFORMACIÓN XUVENIL

Pola secretaria dáse conta da resolución enviada pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, rexistro de entrada 1732 en data 05/09/2013, no que se comunica a este Concello a resolución de recoñecemento e certificación do nº de inscrición no rexistro de Oficinas e Puntos de Información Xuvenil 15-01-SIX-127, da Oficina Municipal de Información Xuvenil deste Concello.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.4.- INFORME DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA REFERENTE A SEGREGACIÓN DA PARCELA 497 DO POLIGONO 504

Pola secretaria dáse conta da resolución enviada pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, rexistro de entrada 1734 en data 05/09/2013, no que se informa favorablemente a este Concello en referencia a segregación da parcela número 497 do poligono 504 co fin de que cada metade se segregue e agrupe simultaneamente ás parcelas limítrofes .

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.5.- NOTIFICACIÓN DO TRÁMITE DE ALEGACIÓNS E PROPOSTA DE LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IRPF DA AXENCIA TRIBUTARÍA

Pola secretaria dáse conta da resolución enviada pola Axencia Tributaria, rexistro de entrada 1736 en data 06/09/2013, no que se notifica o trámite de alegacións e proposta de liquidación provisional referente as retencións e ingresos a conta do IRPF sobre rendementos do traballo e actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de rentas exercicio 2011 pola diferenza entre a cota declarada e a cota derivada da proposta de liquidación provisional de César Buján Barral.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as e acordan requerir á xestoría o pago do importe debido a facenda.

2.1.6.- COMUNICACIÓN DE CAMBIO DO NOME DO SUBMINISTRADOR DE ENERXÍA ELÉCTRICA DE UNIÓN FENOSA COMERCIAL S.L. A GAS NATURAL SERVICIOS SDG S.A.

Pola secretaria dáse conta da comunicación enviada por Gas Natural Servicios SDG S.A., rexistro de entrada 1821 en data 10/09/2013, no que se comunica o cambio do nome do subministrador de enerxía de Unión Fenosa Comercial S.L. A Gas Natural Servicios SDG S.A de oito puntos de subministro (Ponte Présaras, Cernadela, Campo do Rosario, Campo de fútbol, piscina, centro residencial, rúa Gándara e Casa Consistorial).

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.7.- COMUNICACIÓN DE CAMBIO DO NOME DO SUBMINISTRADOR DE ENERXÍA ELÉCTRICA DE UNIÓN FENOSA COMERCIAL S.L. A GAS NATURAL SERVICIOS SDG S.A.

Pola secretaria dáse conta da comunicación enviada por Gas Natural Servicios SDG S.A., rexistro de entrada 1822 en data 10/09/2013, no que se comunica o cambio do nome do subministrador de enerxía de Unión Fenosa Comercial S.L. A Gas Natural Servicios SDG S.A do punto de subministro do Colexio.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.8.- NOTIFICACIÓN DE INADMISIÓN E ARQUIVO DE SUBVENCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS DO SOTERRAMENTO LBT NO CAMIÑO NORTE DE SANTIAGO.

Pola secretaria dáse conta da notificación enviada pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas, rexistro de entrada 1851 en data 19/09/2013, no que se notifica a inadmisión e arquivo da subvención “Soterramento LBT no Camiño Norte de Santiago” solicitada pola agrupación de concellos Boimorto-Sobrado.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.9.- DENEGACIÓN COLOCACIÓN DE CARTEIS NA ESTRADA N-634 DO FESTIVAL DE LA LUZ

Pola secretaria dáse conta da denegación do Ministerio de Fomento, Dirección General de Carreteras, Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia, rexistro de entrada 1875 en data 20/09/2013, no que se notifica a denegación da colocación de carteis sinalizadores do Festival de la Luz 2013 na N-634 no tramo Lanzá-Mesía no termo municipal de Vilasantar.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.10.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA SOBRE APROBACIÓN PRÓRROGA CONVENIO DE FINANCIAMENTO DA CREACIÓN O MANTEMENTO DOS SERVIZOS LINGÜÍSTICOS ANUALIDADE 2013

Pola secretaria dáse conta da resolución enviada pola Deputación Provincia da Coruña, Sección de Contratación, rexistro de entrada 1882 en data 23/09/2013, no que se comunica a este Concello a aprobación da prórroga do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos da provincia da Coruña para financiar a creación ou mantemento dos servizos lingüísticos, anualidade 2013.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.11.- NOTIFICACIÓN DE PAGAMENTO FINAL E DEVOLUCIÓN DE FACTURAS ORIXINAIS DE SUBVENCIÓN A PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALICIA 2012 DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Pola secretaria dáse conta da resolución enviada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, rexistro de entrada 1895 en data 24/09/2013, no que se notifica a este Concello a resolución do pagamento final de 50.775,60€ a favor do Concello de subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia 2012, para o proxecto “Mellora do Centro de día e miniresidencia do Concello de Boimorto”.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.2.- ESCRITOS PARTICULARES

2.2.1.- SOLICITUDE DE REPARACIÓNS OBRAS REALIZADAS NO CAMPO DO ROSARIO.

Pola secretaria dáse conta da solicitude enviada por Dna. Maria Vidal Regueiro, con DNI 00474891X, rexistro de entrada 1357 en data 17/07/2013, no que solicita a este Concello a reparación na vivenda e colocación do zócalo da fachada da súa vivenda sita na rúa Campo do Rosario nº 7 de Boimorto afectada polas obras realizadas polo Concello para mellora das beirarrúas.

Resposta o alcalde que en conversacion telefónica mantida con Dna. María Vidal Regueiro acordaron que cando estivera en Boimorto o chamaría, e él avisaría a unha persoa para que pasase pola súa vivenda a reparar o zócalo.

3.- LICENZAS PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.1.- LICENZAS

3.1.1.- LICENZA PROVISIONAL DE ACTIVIDADE PARA CONSTRUCCIÓN DE GALPÓN DE APEIROS DE LABRANZA E FORRAXE HENIFICADO EN SENDELLE, BOIMORTO, SOLICITADO A INSTANCIA DE D. JOSÉ MANUEL REY LÓPEZ

Visto o procedemento de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. José Manuel Rey López con DNI 78784191-Z, con domicilio a efectos de notificacións en lugar Iglesia núm. 16, Sendelle, Boimorto, con rexistro de entrada no concello nº 1278 en data 23/09/2010 para o proxecto de ampliación de instalacións gandeiras en Sendelle, Boimorto, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Eduardo Ignacio Aguión Sandá, colexiado nº 977 e visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas co número 1093/10; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección nas categorías de agropecuaria, augas e infraestruturas, xa que se atopa ao borde da estrada CP-0602 da Deputación Provincial, se ben a edificación pretendida atópase na primeira das clasificacións.

Resultando que o proxecto técnico presentado inicialmente foi completado con documentación, con rexistro de entrada nº 1480 en data 08/11/2010, modificándose o título do proxecto pasando a denominarse “Galpón de apeiros de labranza e forraxe henificado en Sendelle, Boimorto”.

Con data 17/11/2010 os servizos técnicos municipais emitiron informe sinalando unha serie de observacións, polo que o 03/06/2013 rexistro de entrada 890 o técnico redactor presenta a documentación requerida.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 24/07/2013 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid no que se informa de que non é necesario someter a actividade ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

Visto o informe desfavorable de secretaría de data 27/06/2013 e as advertencias nel contidas. Condicionando a licenza ao sinalado no informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos D. José Ángel Delgado Cid no que se sinala que non galpón obxecto do proxecto vaise realizar unha actividade de almacenaxe de apeiros de labranza e forraxe henificado vinculado directamente á actividade agropecuaria, e que non está sometida ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental (Decreto 133/2008), xa que dita actividade atópase entre as incluídas no anexo III relativo as actividades excluídas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental. Non se considera necesario a autorización previa de Urbanismo en base ao artigo 33.2.b) da Lei 9/2002 e deberánse ter en conta as medidas correctoras sinaladas no propio proxecto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza provisional de actividade a D. José Manuel Rey López para o proxecto “Galpón de apeiros de labranza e forraxe henificado en Sendelle, Boimorto”, colexiado número 977, visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas co número 1093/10; e documentación complementaria

con rexistro de entrada número 890, parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección nas categorías de agropecuaria, augas e infraestruturas, xa que e atopa ao borde da estrada CP-0602 da Deputación Provincial, se ben a edificación pretendida atópase na primeira das clasificacións.

SEGUNDO.- A presente autorización de licenza provisional de actividade estará condicionada ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto técnico presentado coa solicitude de licenza e documentación complementaria, así como as establecidas nos informes técnicos e xurídicos que constan no expediente e indicados neste acordo, sometendo a licenza provisional de actividade ás seguintes condicións:

.- A actividade non pode iniciarse ata a obtención de licenza definitiva de actividade tras a visita de comprobación dos técnicos municipais, condicionada a previa obtención de autorizacións sectoriais necesarias.

.- Deberase axustar as medidas correctoras que se contemplan no proxecto e documentación complementaria.

.- En ningún caso se poderá comezar a exercer a actividade antes de que se teña obtido a acta de comprobación favorable.

.- Para poder obter a acta de comprobación favorable o petionario terá que solicitar ao Concello para que este efectúe a oportuna visita de comprobación. Á solicitude acompañarase de certificación do Técnico Director das obras e instalacións na que se especifique a conformidade destas á licenza de obras que lles ampara.

.- No suposto de que antes de solicitar a visita de comprobación se teñan que facer probas para verificar o funcionamento de máquinas ou de instalacións, o titular deberá de comunicalo á Alcaldía-Presidencia con cinco días de antelación, explicando a duración e as medidas adoptadas para garantir que estas probas non afectarán ao entorno, nin crearán risco para as persoas nin aos bens. Á realización destas probas poderán asistir os técnicos que o Concello de Boimorto desexe e designe.

.- Con anterioridade da licenza definitiva de actividade deberá presentar a inscrición no rexistro da propiedade do compromiso contemplado no artigo 42 da lei 9/2002

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de taxa por licenza de apertura de establecemento en aplicación da ordenanza fiscal nº 5 do Concello de Boimorto.

Base imponible superficie ocupada: 384 m²

Tipo de solo: rústico

Tarifa: 1,00 €uros/m²

Cota a ingresar: **384,00 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. José Manuel Rey López, indicando o réxime de recursos que ponden interpoñerse contra o mesmo.

3.1.2.- INFORME FAVORABLE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDEANDO A REMISIÓN A MEDIO AMBIENTE DO EXPEDIENTE DE ACTIVIDADE SOMETIDA A AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL PROMOVIDO POR D. MARTÍN VIDAL VÁZQUEZ

Examinado o expediente promovido por D. Martín Vidal Vázquez, en virtude da instancia número 1353 de data 17 de xullo de 2013, solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento de balsa de xurro en Cela-Sendelle, actividade sometida a avaliación de incidencia ambiental, aprobado por Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

Resultando que o proxecto técnico presentado inicialmente foi completado con "Anexo ao Proxecto: execución de fosa de xurro" con rexistro de entrada no Concello 1643 de data 127/08/2013 e (Anexo ao proxecto, nomeamento de dirección de obra e compromisos artigo 42 da LOUGA) con rexistro de entrada no Concello 1922 de data 26/09/2013; e resultando, que se

cumpriron os trámites de información pública durante o prazo de vinte días hábiles, mediante edito inserido no taboleiro de anuncios do Concello, no BOP núm. 152 do 12/08/2013 e no DOG núm. 152 do 09/08/2013 e notificación aos veciños inmediatos e incorporando os informes dos servizos técnicos municipais asinados por don Ángel Delgado Cid de datas 26 de setembro de 2013 sobre compatibilidade da actividade e incidencia ambiental.

Considerando, que o proxecto técnico e os anexos que o complementa reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe en extensión e detalle as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente.

Considerando, que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boimorto segundo informe técnico de data 26/09/2013 asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Ángel Delgado Cid non estando en contradición co disposto nos acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respetan as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Visto o Decreto 133/2008, do 12 de xuño, en particular o artigo 9.1, e demais Disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Informar favorablemente a concesión de licenza municipal de actividade instada por D. Martín Vidal Vázquez, en virtude da instancia número 1353 de data 17 de xullo de 2013, solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento de fosa de xurro en Cela-Sendelle, actividade sometida a avaliación de incidencia ambiental, aprobado por Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

SEGUNDO.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, para os efectos previstos no artigo 10 do referido Decreto.

3.2.- PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.2.1.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN CHURRASCADA NO LUGAR DE PONTE CASTRO

Vista a solicitude de data 26/09/2013 co número de rexistro de entrada 1915, subscrita por D. David Ramos López, con DNI núm. 76515670-Y, actuando en representación da Asociación de pesca do Róbal, con enderezo en R/ Cabañas Eiris, 12 P4ª 15009 A Coruña, solicitando o uso da área recreativa do Refuxio Ponte Castro para celebración dunha churrascada o día 28 de setembro de 2013.

En aplicación do artigo 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986 do 13 de xullo, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar a David Ramos López con DNI 76515670Y, o uso común especial da área recreativa do Refuxio de Ponte Castro, sito na parroquia de Arceo, o día 28 de setembro de 2013 para a celebración dunha churrascada, condicionando a autorización a:

1º.- Comprometerse a cumprir as condicións de seguridade e prevención determinadas por este Concello (ANEXO) á hora de realizar o lume.

2º.- Os autorizados, ao rematar a churrascada, deberán deixar o espazo ocupado nas mesmas condicións de limpeza que no momento do inicio da mesma.

3º.- O Concello non se fai responsable de ningún dano que se ocasione o día da celebración da churrascada.

SEGUNDO.- Notificar o presente decreto ao interesado con expresión de recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.2.2.- AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA O DÍA 28-09-2013

Vista a instancia de data 23/09/2013 co número de rexistro de entrada 1880, subscripta por D. Javier Verea Vázquez, con DNI núm. 33230421-K, actuando en calidade de directivo do C.F. Boimorto, na que solicita autorización para utilizar o salón de actos da casa de cultura, o día 28 de setembro de 2013 en horario de 21:30 a 22:30 para asemblea de socios.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar a utilización do salón de actos da casa de cultura a D. Javier Verea Vázquez, actuando en calidade de directivo do C.F. Boimorto o día 28 de setembro de 2013 en horario de 21:30 a 22:30 para asemblea de socios.

SEGUNDO.- Notifíquese este acordo ao solicitante.

3.2.3.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA 11/2013

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1728, con data 05/09/2013, presentada por D. Manuel Rúa López, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Zaín, 14 Rodieiros, Boimorto, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no número 14 do lugar de Zaín, parroquia de Rodieiros, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Manuel Rúa López, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a vivenda sita no lugar de Zaín, 14 Rodieiros, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.4.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA 12/2013

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1847, con data 19/09/2013, presentada por D. Rogelio Sueiro Carro, en representación da Sociedade Ponte Boado S.L., con domicilio a efectos de notificación en Lg. Ponte Boado, 5 Arceo, Boimorto, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar número 2 do lugar de Cabana, parroquia de Buazo, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Rogelio Sueiro Carro, en representación da Sociedade Ponte Boado S.L., autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a vivenda sita no lugar de Cabana, 2 Buazo, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.5.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 5/2013

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1829, con data 17/09/2013, presentada por D. Manuel José Otero Segade, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Campo da Lanza número 3, da parroquia de Ánxeles, deste termo municipal, no que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 3 do lugar de Campo da Lanza, parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Manuel José Otero Segade, autorización para conexión á rede de sumidoiros para a vivenda sita no lugar de Campo da Lanza 3, Ánxeles, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 35/2013) PARA CONSTRUCCIÓN DE GALPÓN DE APEIROS DE LABRANZA E FORRAXE HENIFICADO EN SENDELLE (BOIMORTO), TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JOSÉ MANUEL REY LÓPEZ.

Visto o procedemento de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. José Manuel Rey López con DNI 78784191-Z, con domicilio a efectos de notificacións en lugar Iglesia núm, Sendelle, Boimorto, con rexistro de entrada no concello nº 1278 en data 23/09/2010 para o proxecto de ampliación de instalacións gandeiras en Sendelle, Boimorto, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Eduardo Ignacio Aguión Sandá, colexiado nº 977 e visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas co número 1093/10; parcela clasifi-

cada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección nas categorías de agropecuaria, augas e infraestruturas, xa que e atopa ao borde da estrada CP-0602 da Deputación Provincial, se ben a edificación pretendida atópase na primeira das clasificacións.

Resultando que o proxecto técnico presentado inicialmente foi completado con documentación, con rexistro de entrada n1 1480 en data 08/11/2010, modificándose o título do proxecto pasando a denominarse “galpón de apeiros de labranza e forraxe henificado en Sendelle, Boimorto”. Con data 17/11/2010 os servizos técnicos municipais emitiron informe sinalando unha serie de observacións, polo que o 03/06/2013 rexistro de entrada 890 o técnico redator presenta a documentación requirida.

Visto o informe desfavorable de secretaría de data 27/06/2013.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de obra de data 24/07/2013 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o compromiso por parte do interesado da execución de servizos e de inscrición no Rexistro da Propiedade (artigo 42 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia).

Condicionando a licenza ao sinalado no informe dos servizos técnicos municipais non se considera necesario a autorización previa de Urbanismo en baso ao artigo 33.2.b) e 37.1 da Lei 9/2002.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a D. José Manuel Rey López, con DNI 78784191-Z conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo para o proxecto de “Galpón de apeiros de labranza e forraxe henificado en Sendelle, Boimorto” a situar no lugar de Pazo, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Eduardo Ignacio Aguión Sandá, colexiado nº 977 e visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas co número 1093/10; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección nas categorías de agropecuaria, augas e infraestruturas, xa que e atopa ao borde da estrada CP-0602 da Deputación Provincial, se ben a edificación pretendida atópase na primeira das clasificacións, asumíndose a dirección de obra polo técnico redator do proxecto, D. Eduardo Ignacio Aguión Sandá, non considerándose necesario a autorización previa de Urbanismo.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.

.- As obras a realizar consisten en:

.- Construción dun galpón para almacenamento de apeiros e labranza e forraxe henificado, na parcela nº 247 do polígono 503. A nave terá unhas dimensións de 24 x 16 metros, cunha superficie total de 384 m². A estrutura será de formigón armado, a excepción das correas que serán de formigón pretensado. Os pórticos serán triarticulados de 16 m de luz, separados entre si 6 m. A cuberta será de pranchas de fibrocemento de cor vermello - tella. O cerramento será a base de bloque de formigón revestido con morteiro de cor branco. O galpón non precisa soleira, unicamente compactarase o terreo ocupado polo mesmo.

.- Con anterioridade da licenza definitiva de actividade deberá presentar a inscrición no Rexistro da Propiedade do compromiso contemplado no artigo 42 da Lei 9/2012.

.- Condicionantes sinalados no informe técnico indicado nos considerandos deste acordo.

.- De conformidade co disposto nos artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinala construción, a

data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- As obras deberán comezar no prazo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos dende a data de outorgamente da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- LO 35/2013

Presuposto de execución material da obra axustándose ao Anexo I da Ordenanza reguladora do ICIO: 64.696,32 €uros.

Liquidación 2%: **1.293,93 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. José Manuel Rey López, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.2.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 36/2013) PARA PINTADO DA FACHADA FRONTAL DA ESTRADA PROVINCIAL 1002 E DA FACHADA LATERAL DEREITA DA VIVENDA SITA NA RÚA GÁNDARA Nº 33 DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE Dña. JOSEFINA GARCÍA LÓPEZ

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de Dña. Josefina García López, con DNI núm. 33133407K, e con domicilio para os efectos de notificación en R/ Gándara núm. 33, Boimorto, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1902 de data 25/09/2013 para pintado da fachada frontal da estrada provincial 1002 e da fachada lateral dereita da vivenda sita no número 33 da rúa Gándara do núcleo urbano de Boimorto (solo urbano) segundo presuposto e fotografías presentadas.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 26/09/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo urbano coa ordenanza de edificación intensiva.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a Dña. María Vidal Regueiro, con DNI núm. 33133407K (LO 36/2013) para pintado da fachada frontal da estrada provincial 1002 e da fachada lateral dereita da vivenda sita no número 33 da rúa Gándara do núcleo urbano de Boimorto (solo urbano) segundo presuposto e fotografías presentadas.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- A pintura será en tons próximos ao branco, pardo ou crema e, en calquera caso, semel-lantes aos empregados no lugar.

.- As obras non afectarán a elementos estruturais, nin suporán variación do volume actual da edificación.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra: **2.850,00 €uros.**

Liquidación 2%: **57,00 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dña. Josefina García López, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.4.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACION (LPO 1/2013) PARA A VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NO LUGAR DE BOAVISTA, PARROQUIA DE DORMEÁ, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. DANIEL SAAVEDRA HUERTA

Visto o expediente de solicitude de licenza de primeira ocupación tramitado a instancia de D. Daniel Saavedra Huerta, DNI núm. 33819263-V, e con domicilio para os efectos de notificacións en R/ Manuel Azaña nº 18 - 5º D, 15011 A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1684 con data 03/09/2013 correspondente á vivenda unifamiliar sita en Boavista, parroquia de Dormeá, con licenza de obra (LO 25/2011).

Vista a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, artigos 42, 43 e 44.

Visto o art. 195.6 da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas modificacións derivadas da Lei 15/2004, do 20 de decembro e no art. 10.8 do Regulamento de disciplina urbanística aprobado por Decreto 28/1999 do 21 de xaneiro e unha vez que o arquitecto municipal, D. Ángel Delgado Cid informou favorablemente con data 16/09/2013.

Visto o informe de Secretaría de data 26/09/2013.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder a D. Daniel Saavedra Huerta a licenza de primeira ocupación (LPO 1/2013) correspondente á vivenda unifamiliar sita en Boavista, parroquia de Dormeá, segundo obras executadas en base á licenza municipal (LO 25/2011) de data 28 de xullo de 2011.

SEGUNDO.- Someter a licenza de primeira ocupación outorgada ás seguintes condicións:

- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.2.- OBRAS SERVIZOS

4.2.1.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO SERVIZO CONTROL DE CALIDADE DE AUGA DO CONSUMO HUMANO E DA PISCINA MUNICIPAL. EXPEDIENTE COPNSP 2/2013

Visto o expediente de contratación do servizo de “Control de calidade de auga do consumo humano e da piscina municipal” por procedemento negociado sen publicidade, no que se declara como oferta económica máis ventaxosa determinada por decreto da alcaldía nº 298/2013 de data 06/09/2013, de acordo co cumprimento do establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, acordo que se transcribe literalmente:

<<Visto o expediente de contratación do servizo de “Control de calidade de auga do consumo humano e da piscina municipal” cun orzamento 6.000,00 €uros ive incluído.

Iniciado e aprobado dito expediente por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 26/07/2013, constando no expediente informe de secretaria-intervención en relación con esta contratación e de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á aplicación orzamentaria do orzamento municipal para a anualidade 2013 31.227.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 29/08/2013, onde se acorda remitir aos servizos técnicos municipais os documentos que integran o sobre B para emisión de informe técnico de valoración, informe que se emite con data 30/08/2013 e que se transcribe literalmente a valoración:

<<INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN OFERTAS (SOBRE B-REFERENCIAS TÉCNICAS)

EMPRESA	BIOCONTROL Y CALIDAD	LABAQUA, S.A.
---------	----------------------	---------------

	ALIMENTARIA, S.L.U.	
FASE 1: CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL <input type="checkbox"/>		
PROGRAMA DE TRABAJO (de 0 a 45 puntos)	40,00	35,00
TOTAL	40,00	35,00

Valorase con arranxo ao programa de traballo específico ou xenérico e adaptado ou parcialmente adaptado aos servizos a prestar no Concello de Boimorto en cada unha das ofertas.

En Boimorto, a 30 de agosto de 2.013
Ángel Delgado Cid
CERNE INGENIERÍA, S.A.>>

Aperturados os sobre C que conteñen as ofertas económicas compróbase que ambas empresas realizan baixa, Biocontrol y Calidad Alimentaria, S.L.U ofrece o prezo de 5.800,35 €uros (ive incluído) e Labaqua, S.A ofrece o prezo de 5.571,25 €uros, en relación co prezo de licitación, acadando a puntuación de oferta económica:

Puntuación sobre C Biocontrol y Calidad Alimentaria, S.L.U. = 7,18 puntos.

Puntuación sobre C Labaqua, S.A. = 15,27 puntos.

Vistos os criterios de adxudicación recollidos nos pregos que rexen a presente contratación aprobados e declarados de aplicación á presente contrataciónn por acordo da Xunta de Goberno Local de 26/07/2013, vista a valoración que consta en informe técnico de data 30/08/2013 por D. Ángel Delgado Cid da empresa Cerne Ingeniería, S.A adxudicataria do servizo de asistencia técnica urbanística neste Concello e valorando a oferta económica coa puntuación total obtida por cada licitador:

Total puntuación Biocontrol y Calidad Alimentaria, S.L.U. = 47,18 puntos.

Total puntuación Labaqua, S.A. = 50,27 puntos.

En aplicación do artigo 14 da Lei 30/1992 avocando as competencias delegadas por esta alcaldía presidencia na Xunta de Goberno Local en materia de contratación por decreto nº 201/2011 con data 27/06/2011, **RESOLVO:**

